

**ESTUDO SOBRE O ALCANCE E CONTIDO DA
FUNCIÓN ARBITRAL ATRIBUIDA AO TRIBUNAL
GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA.**

Autor. Alfonso Vez Pazos, vogal do TGDC, coa
colaboración de José Antonio Rodríguez Míguez,
secretario do Pleno do TGDC.
Xuño 2006.

SUMARIO: 1.- Presentación e obxecto do estudo. 2.- O Arbitraxe como medio para a resolución de conflitos: A arbitraxe institucional. 3.- As previsións legais sobre arbitraxe recoñecidas aos órganos administrativos de defensa da competencia. 3.1.- A Lexislación estatal en materia de defensa da competencia. 3.1.1.- A arbitraxe en materia de emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos. 3.2.- A lexislación autonómica en materia de defensa da competencia: A Lei de creación dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. 3.3.- O procedemento para ditar a arbitraxe. 3.4.- A execución dos laudos arbitrais. 4.- O alcance da facultade recoñecida ao TGDC. 4.1.- O contido material da arbitraxe. 4.2.- A condición de árbitros: arbitraxe individual o colectivo. 4.3.- O procedemento para ditar a arbitraxe. 4.4.- A execución dos laudos arbitrais. 5.- A arbitraxe no anteproxecto de lei de defensa da competencia. 6.- Breve selección bibliográfica.

1.- Presentación e obxecto do estudo.

O presente estudo ten por obxecto dar cumprimento ao encargo efectuado polo Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (en diante TGDC) na súa reunión número 22, celebrada o 22 de febreiro de 2006, no que me encomendou a elaboración dun estudo dirixido a precisar o alcance da competencia atribuída ao TGDC no artigo 3.3, letra g), da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo ás funcións de arbitraje.

A tal obxecto verifícase a exéguese do citado precepto, á luz da doutrina e xurisprudencia, en relación tanto coa vixente Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, como do anteproxecto de lei de defensa da competencia que se está a preparar no Ministerio de Economía y Hacienda, e de maneira tamén especial, respecto da norma xeral na materia, recollida na actualidade na Lei 60/2003, do 23 decembro. da arbitraje.

A súa finalidade é, polo tanto, esencialmente práctica, ao ir dirixido a ofrecer ao propio TGDC unha guía útil para coñecer o alcance da competencia que se lle ten recoñecida na súa lei de creación.

2.- O Arbitraje como medio para a resolución de conflitos: A arbitraje institucional.

Desde case que os albores do Dereito, a posibilidade de acudir a unha persoa o institución de prestixio, como alternativa ao aparato xudicial, para a resolución dos conflitos, ten sido unha solución satisfactoria.

Nese contexto, tal e como destaca a doutrina¹, a arbitrase chamada “institucional” goza dunha longa tradición xurídica no ámbito da arbitrase comercial internacional, estendéndose a súa práctica de maneira especial nos países de tradición xurídica angloamericana.

Non obstante, no caso de España, esta figura non se introduciu ata a Lei de arbitrase de 1988 (a Lei 36/1988, do 5 de decembro, da arbitrase), pasando dela á vixente Lei 60/2003, do 23 de decembro.

Tendo en conta o obxectivo do presente estudo, resulta esencial tratar o tema de se as “Corporacións de dereito público” poden desempeñar funcións arbitrais, cobrando especial interese no que se refire ao Tribunal de Defensa da Competencia, e dicimos especial interese, porque, obviamente, é o que pretendemos aclarar, dado o contido do precepto citado ao principio do escrito².

¹ BACHMAIER WINTER, L.: “Arbitraje institucional”, en ARIAS LOZANO, D/ (Coor.): *Comentarios a la Ley de Arbitraje de 2003*, Pérez-Llorca Abogados, Thomson-Aranzadi, Navarra, 2005, pp. 125 a 135, en particular, p. 125.

² Como lembra GÓMEZ-REINO y CARNOTA, E. (“El arbitraje administrativo en el Derecho de la competencia”, en *Revista de Administración Pública*, nº 162, setembro-dicembro, 2003, pp. 7 a 17; en particular, p. 7) a actividade arbitral, que se engade ás tradicionais formas de actividade administrativa, -policía, fomento e servizo público-, é aquela que realiza a Administración pública cando decide controversias o conflitos entre os administrados sobre dereitos privados ou administrativos.

O tema foi profundamente discutido na doutrina, e os criterios eran moi dispares, pero a medida que se afondaba no estudo do problema, a maioría posicionouse a favor de que efectivamente, as corporacións de dereito público xudicial, salvo algunhas excepcións, podían exercer de “árbitros”, e esa maioría de autores persisten instalados en tal idea, sempre baixo certas condicións.

Esta modalidade de arbitraje contrapóñase ao arbitraje *ad hoc*, nos que os árbitros son designados como tales para cada concreta ocasión, ofrecendo o modelo institucional as evidentes vantaxes da existencia dun certo aparato administrativo, non necesariamente público, destinado ao exercicio da función arbitral.

Esta é, entendemos, a orixe da previsión que, desde unha perspectiva xeral, se recolle no artigo 14 da vixente Lei 60/2003, do 23 de decembro, da arbitraje, no que se establece o seguinte:

“1. As partes poderán encomendar a administración da arbitraje e a designación de árbitros a:

a) Corporacións de dereito público que poidan desempeñar funcións arbitrais, segundo as súas normas reguladoras, e en particular o Tribunal de Defensa da Competencia.

b) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro en cuxos estatutos se prevean funcións arbitrais.

2. As institucións arbitrais exercerán as súas funcións conforme aos seus propios Regulamentos”.

Conforme ao dito precepto, poderase encomendar a unha institución arbitral: 1).- só la administración da arbitraje; 2).- só a designación do árbitro ou árbitros; 3).- a administración da arbitraje e a designación do árbitro ou árbitros³.

3.- As previsións legais sobre arbitraje recoñecidas aos órganos administrativos de defensa da competencia.

Para poder centrar o noso estudo é preciso amosar cáles son as concretas previsións legais que vinculan aos órganos administrativos de defensa da competencia, tanto estatais como autonómicos, coa función arbitral, pois son, precisamente, tales previsións legais, as que suscitan e atribúen especificamente a estes órganos a posibilidade efectiva de desenvolver funcións desta natureza.

3.1.- A Lexislación estatal en materia de defensa da competencia.

Ademáis da xa aludida Lei 60/2003, a aínda vixente Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia (LDC) recolle no seu

³ BACHMAIER WINTER, L.: “Arbitraje...”, op. cit., p. 126.

artigo 25 g), entre as competencias atribuías ao Tribunal de Defensa da Competencia, a de “Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito como de equidade, que lle encomenden as leis, e en particular as establecidas no artigo 7 da Lei 21/1997, do 3 de xullo, reguladora das emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos⁴”.

A citada redacción se reproduce no artigo 4.1, letra g) do Real decreto 864/2003, do 4 de xullo, polo que se aproba o Estatuto do Tribunal de Defensa de la Competencia.

Pola súa banda, esta cuestión non aparece contemplada na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia, probablemente, porque tampouco aparecía citada pola STC 208/1999, do 11 de novembro, que ao estimar o recurso de inconstitucionalidade interposto contra determinados preceptos da LDC recoñecía competencias executivas ás comunidades autónomas en determinadas materias.

Do anterior se infire que a función arbitral do TDC so terá lugar cando unha lei expresamente o estableza, e non porque as partes no eventual conflito, voluntariamente e por propia iniciativa, decidan acudir ao mesmo para solicitarlle unha arbitraje de dereito ou de

⁴ Como resulta evidente, este segundo enunciado non aparecía na versión orixinaria da Lei 16/1989, do 17 de xullo, senón que se incorporou na importante reforma desenvolvida pola Lei 52/1999, do , de 28 de decembro.

equidade. Esta circunstancia ven limitar notablemente a función arbitral que formalmente se lle encomenda porque a falta de dita previsión legal, se trataría dunha función absolutamente valeira.

Esta era a situación na que se atopaba o TDC ata a promulgación da Lei 21/1997, do 3 de xullo, reguladora das emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos, que lle atribúe expresamente a posibilidade de efectuar arbitraje en determinados conflitos que poidan xurdir na súa aplicación.

O carácter, ata de agora, excepcional desta previsión legal, no senso de que é a única norma no noso ordenamento que atribúe de maneira expresa esta función arbitral ao TDC para uns casos concretos, xustificou a súa mención expresa na nova redacción dada ao artigo 25 g)⁵.

3.1.1.- A arbitraje en materia de emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos.

O artigo 7 da Lei 21/1997, do 3 de xullo, reguladora das emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos atribúe la solución dos eventuais conflitos que poidan xurdir na súa aplicación.

⁵ Mención incorporada pola Lei 52/1999, do , de 28 de decembro, pola que se reforma a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da competencia.

Concretamente, o citado precepto establece no seu parágrafo 2º o seguinte:

“Os conflitos derivados da aplicación desta Lei e especialmente os relativos aos artigos 3.2, 4.2, 4.4, 4.5 y 6.2 poderán someterse a arbitraje do Tribunal de Defensa da Competencia nos termos previstos no artigo 25 d) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, sen prexuízo da aplicación desta última Lei cando os feitos constituíren prácticas restritivas da competencia.

Se entenderá aceptada a submisión ao arbitraje, se non se manifesta expresamente o contrario, por algunha das partes, dentro dos vinte días seguintes á notificación da formalización do arbitraje ante o Tribunal de Defensa da Competencia”.

En consecuencia, e conforme ao citado precepto, someteríanse a arbitraje os eventuais conflitos suscitados con motivo das seguintes cuestións:

1º.- Os eventuais conflitos acerca da determinación da contraprestación económica que os titulares dos medios de comunicación (radio ou televisión), deben aboar aos titulares dos dereitos de explotación audiovisual dos acontecementos ou competicións deportivas (clubs, sociedades deportivas, programadores ou operadores), pola retransmisión de

programas deportivos especializados, non comprendidos no artigo 2.2 da citada Lei (a emisión por televisión de breves extractos, libremente elixidos, en telexornais, que segundo o indicado precepto, “non estarán suxeitos á contraprestación económica, sen prexuízo dos acordos que poidan formalizarse entre programadores e operadores)⁶.

2º.- A determinación das competicións ou acontecementos deportivos que sexan catalogados como de interese xeral, pola súa relevancia e transcendencia social⁷.

3º.- Os conflitos que poidan xurdir pola cesión por parte dos operadores ou programadores de televisión, cuxas emisións non cubran a totalidade do territorio do Estado, que se ben poden adquirilos en exclusiva, teñen a obriga de cedelos, en réxime de pública concorrencia, a todos os demais operadores ou programadores, aos efectos de estender a transmisión a todo o territorio nacional, “sen prexuízo dos acordos que poidan existir entre operadores e programadores”⁸.

4º.- A cesión do dereito de retransmisión dos indicados na lingua oficial da correspondente comunidade autónoma, que

⁶ Suposto do artigo 3.2 da Lei 21/1997, do 3 de xuño.

⁷ Suposto do artigo 4.2 da Lei 21/1997, do 3 de xuño.

⁸ Suposto do artigo 4.4 da Lei 21/1997, do 3 de xuño.

no caso de que non desexa ser exercido polo titular dos mesmo, deberá, así mesmo, cedelos a favor dos demais operadores ou programadores interesados, en réxime de pública concorrencia⁹.

5º.- Os conflitos que poidan derivar do funcionamento do sistema de “pago por consumo”, regulado na lei, entendendo como tal, conforme ao artigo 6.1 da mesma “o abono das contraprestacións económicas fixas ou variables establecidas pola recepción individualizada de determinados programas ou retransmisións”, que os operadores negociarán cos titulares dos dereitos, respecto dos que a lei esixe o respecto dos principios de publicidade e libre concorrencia¹⁰.

En todos estes potenciais conflitos, o lexislador atribúulle por lei a competencia para resolver mediante arbitraje ao TDC.

3.2.- A lexislación autonómica en materia de defensa da competencia: A Lei de creación dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia incorpora a arbitraje en termos equivalentes ao recollidos na LDC, como tamén

⁹ Suposto do artigo 4.5 da Lei 21/1997, do 3 de xuño.

¹⁰ Suposto do artigo 6.2 da Lei 21/1997, do 3 de xuño.

o fai a lei de creación do Tribunal de Defensa da Competencia da Comunidade de Madrid¹¹. Polo contrario, ningún outro texto aprobado xa conteñen explicitamente esta competencia¹².

En efecto, o artigo 3.3, letra g) atribúe ao TGDC entre as competencias consultivas e de emisión de informes, atribuídas ao Tribunal a de “Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis”.

Como se pode apreciar, no caso galego, o TGDC, no mesmo senso que o TDC precisa unha expresa atribución legal para poder exercer a arbitraje, non estando en mans nin do propio TGDC, nin das eventuais partes en conflito, acudir a estra vía directamente.

Na actualidade non existe previsión legal algunha, polo que nos atopamos ante una función valeira na práctica, sen prexuízo de que no futuro se poida prever.

¹¹ Artigo 9.5, letra j), da Lei 6/2004, do 28 de decembro, de creación do Tribunal de Defensa da Competencia da Comunidade de Madrid.

¹² Cfr. Decreto 222/2002, do 27 de agosto, mediante o cal se crean os órganos de defensa da competencia da Generalitat de Catalunya (DO. Generalitat de Catalunya, 2 setembro 2002, nº 3711, p. 15471); Decreto 81/2005, do 12 de abril, de creación do Tribunal Vasco de Defensa da Competencia e de asignación de funcións do Servizo de Defensa da Competencia na Comunidade Autónoma de Euskadi (BO. País Vasco, 6 maio 2005, nº 84, p. 7762); Lei 2/2005, do 24 de xuño, de creación do Xurado de Defensa da Competencia de Extremadura (DO. Extremadura, 7 xullo 2005, nº 78, p. 9792); Lei 14/2005, do 23 decembro, de Medidas Fiscais, de Xestión Financeira e Administrativa, e de Organización da Generalitat valenciana (DO. Generalitat Valenciana, 30 decembro 2005, nº 5166, p. 41518); Decreto 29/2006, do 24 de xaneiro, do Goberno de Aragón, polo que se crean e regulan os órganos de Defensa da Competencia en Aragón (BO. Aragón, 10 febreiro 2006, nº 17, p. 1645) e Decreto 36/2006, do 25 maio, polo que se atribúe a competencia en materia de defensa da competencia e se crea o Tribunal para a Defensa da Competencia da Comunidade de Castela e León (BO. Castela e León, 31 maio 2006, nº 104, p. 10246).

4.- O alcance da facultade recoñecida ao TGDC.

A exigua mención contida nos preceptos recollidos nos epígrafes anteriores, que se limitan a atribuír aos diferentes órganos administrativos de defensa da competencia a función arbitral, fan necesario acudir para comentar tal cometido, a falla de norma de atribución directa, á Lei 60/2003 de 23 de decembro, de Arbitraje, na que se plasman as condicións, requisitos e capacidade para verificar a función da arbitraje.

Esta lei concretase nas arbitrajes cuxo lugar se encontre dentro de territorio español, sexan de carácter interno ou internacional, sen prexuízo do establecido en tratados dos que España sexa parte ou en leis que contemplan disposicións especiais sobre arbitraje. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei as arbitrajes laborais.

4.1.- O contido material da arbitraje.

O primeiro que temos que preguntarnos é, qué materias son susceptibles de arbitraje?. Pois son as controversias sobre cuestións de libre disposición conforme a dereito, significando que nos asuntos que se rexan por esta lei non intervirá ningún Tribunal, agás nos casos nos que esta así o dispoña.

O que resulta obvio, e que por razón da especialización do órgano encargado de emitir a arbitrase (arbitrase institucional), neste caso o TGDC, sexa unha cuestión relacionada coa competencia, xa que como se recoñece expresamente na súa lei de creación “o Tribunal Galego de Defensa da Competencia ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva”¹³.

Non obstante, dado que esta cuestión se atopa íntegra e exclusivamente en mans do Lexislador, neste caso autonómico, a vinculación máis ou menos directa coa materia correspóndelle apreciala ao mesmo, ao adoptala correspondente norma con rango de Lei.

4.2.- A condición de árbitros: arbitrase individual o colectivo.

Como neste caso, ao tratarse dun suposto de arbitrase institucional, os árbitros xa veñen designados polas súa condición de membros do Pleno do correspondente órgano, non cabe o seu sinalamento xudicial, nin voluntario polas partes en conflito.

Tanto no caso do TDC, como do TGDC, a función arbitral está asignada de maneira xenérica aos respectivos tribunais. Debemos entender que en ámbolos dous casos, e dado que se trata de

¹³ Artigo 2 LTGDC.

órganos de natureza colexiada, é dicir, que só actúan como tribunais de maneira colexiada, en Sala ou Pleno, e no os seus membros individualmente, agás o presidente, parece lóxico pensar que o desenvolvemento da función arbitral se leve a cabo do mesmo xeito, de modo similar a como se adoptan tanto as resolucións, como se emiten os informes ou ditames.

En consecuencia, aínda que poda designarse un relator, a través da correspondente quenda, a decisión adoptárase de maneira colexiada polo Pleno.

Significar por último que os árbitros están sometidos á causas de abstención e recusación, que lles afectan na súa condición de membros dos respectivos órganos colexiados e que poden adoptar medidas provisionais en determinadas situacións.

4.3.- O procedemento para ditar a arbitrase.

Xa indicamos anteriormente, e mencionámolo unha vez mais, que os árbitros poderán adoptar medidas provisionais, esixindo caución suficiente á parte solicitante.

Os árbitros gozan da potestade de decidir sobre a admisibilidade, pertinencia e utilidade das probas, sobre a súa práctica, incluso de oficio, e sobre a súa valoración.

Sobre o idioma que se utilizará, ao tratarse dun órgano administrativo, rexen as normas xerais establecidas na lexislación administrativa¹⁴.

Non existe mención algunha de prazo para dictar a arbitrase, Entendemos que, polo xeral, dispoñen de seis meses para dictar o laudo, o cal constará por escrito e estará firmado polos citados árbitros, e o mesmo obviamente, debe ser motivado.

Algo importantísimo, e en esto coincide coas sentencias dos órganos xurisdicionais, o laudo firme produce efectos de cousa xulgada, e fronte a el solo caberá solicitar a revisión conforme ao establecido na Lei de Xuizamento civil (LAciv) para as sentencias firmes. Tal revisión solo procede por motivos taxados que prevé o artigo 510 LACiv. O laudo, agás que se determine a súa anulación é executable.

4.4.- A execución dos laudos arbitrais.

A tenor dos artigos das leis citadas, necesariamente hai que recoñecer que á lexislación vixente recoñece expresamente ao TDC, ao TGDC e ao TMDC¹⁵ a súa función de arbitrase. Non obstante, se ben poden realizar esa función, estalles negada a

¹⁴ Vid. Artigo 36 (Lingua dos procedementos), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

¹⁵ O artigo 8.5.j) da Lei 6/2004, de 28 de decembro, de Creación do Tribunal de Defensa da Competencia da Comunidade de Madrid establece entre as competencias atribuídas á Sala a de "Realizar las funciones de arbitraje que le encomienden las leyes".

execución do laudo, polo que se as partes non o asumen, deberase acudir á vía xudicial.

Estimamos, pois, de suma importancia determinar o Tribunal competente para realizar as funcións de apoio e control da arbitraxe efectuado polos órganos administrativos de defensa da competencia e, no seu caso, proceder á execución forzosa do correspondete laudo ou a súa anulación.

Ao tratarse o TGDC dun órgano con competencia en toda a comunidade autónoma, entendemos que o órgano xudicial encargado de tal misión será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre o cal existe doutrina e opinións de autores que manteñen esta tese.

Os laudos, ao igual cas sentencias dictadas polos distintos órganos xurisdicionais, son realmente o máis importante, o transcendental, pois nuns e noutros determinase a persoa a que se considera como a titular da controversia obxecto do citado laudo ou sentenza. De aí a esixencia de que o laudo sexa “limpo”, é dicir, que non estean contaminados os que o dictan, e que vaian acompañados dos requisitos necesarios para que non proceda a súa anulación, requisitos expostos xa algúns, e outros que se sinalarán.

É de resaltar que os laudos arbitrais considéranse cousa xulgada entre as partes implicadas nos mesmos, e se estas, as partes, non

cumpren voluntariamente o acordado no laudo, a única posibilidade de esixir o sometemento ao disposto no mesmo é acudir a un órgano xurisdicional.

Pódense dar motivos para proceder á anulación dun laudo. Limitámonos, sen mais, a mencionar os mesmos.

- 1- Que o convenio arbitral non exista ou non sexa válido.
- 2- Falta das debidas motivacións e privación de dereitos ás partes
- 3- Resolución dos árbitros sobre cuestións non sometidas á súa decisión. (Incongruencia).
- 4- Irregularidades na designación dos árbitros ou no procedemento arbitral.
- 5- Resolución dos árbitros sobre cuestións non susceptibles de arbitraje, e
- 6- Laudo contrario ao orden público.

Dentro dos 10 días seguintes á notificación do laudo, poderán as partes interesar algunha aclaración.

5.- A arbitraje no anteproxecto de lei de defensa da competencia.

Por último, mencionamos o Anteproxecto de lei de defensa da competencia, o cal unha vez efectuada toda a súa tramitación e

posterior aprobación, que se calcula para principios do ano 2007, entre outras innovacións cualificadas de transcendentais, pero que non imos tocar no tema da arbitrase, se resaltamos que ten en conta a función por parte do Tribunal de Defensa da Competencia a citada función de arbitrase.

La Exposición de Motivos do anteproxecto especifica entre as en funcións da nova Comisión Nacional de Competencia, órgano que reempraza ao actual TDC e asume tamén as funcións de instrución do Servicio de defensa da Competencia, integrado como Dirección Xeral de Investigación na nova estrutura, ademais das instructoras, resolutorias e de arbitrase, como consultivas e de promoción e armonización da defensa de la competencia nos mercados.

No que se refire ao propio texto articulado, a Sección 2ª (Funcions da Comisión Nacional de Competencia), o artigo 26 (Funcións de instrución, resolución e arbitrase),

“A Comisión Nacional de Competencia é o órgano competente para instruír e resolver sobre os asuntos que ten atribuídos por esta Lei e, en particular:

f) Realizar as funcións de arbitrase, tanto de dereito como de equidade, que lle sexan sometidas polos operadores económicos

en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraje, así como aquelas que lle encomenden as leis”.

Como pode apreciarse, a nova redacción proposta presenta unha importante modificación respecto da actual: a posibilidade de que sexan os operadores económicos os que sometan a arbitraje perante o TDC en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraje, e non só aquelas que lle encomenden as leis, como acontece na actualidade.

Der. Prospera esta nova regulación a institución pode desenvolver importantes funcións en materias, como por exemplo, a fixación das indemnizacións de danos e prexuízos, como alternativa a vía xudicial.

6.- Breve selección bibliográfica.

ARIAS LOZANO, D/ (Coor).: Comentarios a la Ley de Arbitraje de 2003, Pérez-Llorca Abogados, Thomson-Aranzadi, Navarra, 2005.

BACHMAIER WINTER, L.: “Arbitraje institucional”, en ARIAS LOZANO, D/ (Coor).: Comentarios a la Ley de Arbitraje de 2003, Pérez-Llorca Abogados, Thomson-Aranzadi, Navarra, 2005, pp. 125 a 135.

GÓMEZ-REINO y CARNOTA, E. (“El arbitraje administrativo en el Derecho de la competencia”, en *Revista de Administración Pública*, nº 162, setembro-dicembro, 2003, pp. 7 a 17.